



## Formación profesional

# Programación das actividades asociadas á contorna laboral

### Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
27015891	IES da Terra Chá "José Trapero Pardo"	2019/2020

### Ciclo formativo

Código	Nome
CBAGA02	Actividades agropecuarias

### Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Ordinario	Presencial	A

### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos da persoa titora do grupo)

Nome e apelidos
Óscar Engroba Sal

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.



## Introdución e contextualización

A actividade está asociada á contorna laboral do ciclo formativo de FP básica de Actividades agropecuarias e consiste na realización dun programa ou plan, que estará recollido nun documento. Soamente se terán en conta os módulos asociados ás unidades de competencia.

O documento elaborárase de acordo coas características da contorna profesional, tendo en conta a perspectiva do título no sector produtivo en que que se insire, as funcións propias de cada tipo de persoal técnico, e os elementos tecnolóxicos e organizativos que afectan as ocupacións e os postos de traballo desenvolvidos polos/as diferentes profesionais.

Para a elaboración do documento, poderanse utilizar como referente o modelo de guión que se detallan a continuación ou optar por outro.

Segundo o exposto na Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial, estableceranse medidas excepcionais en materia de ordenación e organización nas ensinanzas de Formación Profesional para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en centros da comunidade autónoma de Galicia.

No artigo 2 indícase o referente ó módulo de Formación en centros de traballo (FCT), e as posibilidades de FLEXIBILIZAR as condicións xerais do seu desenvolvemento. No punto 1 deste artigo faise referencia a realización da FCT no período ordinario dando opcións os centros educativos, e no apartado "e" deste punto faise referencia a posibilidade de substituír a Formación en Centros de Traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do anexo I da devandita orde.

## Especificacións das actividades a realizar

(Referencia a un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional asociado ao ciclo formativo)

Consistirá nun programa ou plan de coñecemento dunha explotación gandeira de calquera dos tipos vistos ou estudia do nos diferentes módulos, e dicir, explotacións de porcino, caprino, vacún de leite, vacún de carne, avícola ...

## Actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

O documento elaborárase segundo as características da contorna profesional, e será entregado coas características mínimas e básicas dun traballo académico.

O obxectivo será a integración efectiva dos aspectos da competencia xeral e competencias profesionais, persoais e sociais integradas no perfil profesional, desenvolvidas nos módulos do título, partindo dos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo de FCT.

## Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

(Indicando as que deben realizar de forma individual ou en grupo)

Realizarase a través do coñecemento e descrición dunha explotación real de gando, aportando datos, fotos e todo aquel material necesario para a posible realización da análise da explotación, e incluso a posterior realización de comparativas entre distintas explotacións, tras unha recompilación e sistematización de datos obtidos por distintos sistemas como observacións directas, aplicacións informáticas, enquisa ou calquera outro sistema de recompilación de información.



GUIÓN (base)

1. Xerencia
2. Localización e emprazamento
3. Tipo de explotación, actividade produtiva
4. Dimensión da explotación
  - a. Traballadores
  - b. Superficie de terras e distribución
  - c. Superficie de edificacións e distribución
  - d. Croque da explotación
  - e. Cabezas de gando
5. Descrición das parcelas
  - a. Número
  - b. Superficies
  - c. Cultivo
  - d. Etc...
6. Descrición de edificacións
  - a. Establo (cubículos, camas, recollida de dexeccións etc)
  - b. Estancia de terneiros hasta o destete
  - c. Estancia de novillas
  - d. Estancia de secado
  - e. Lazareto
  - f. Leitería
  - g. Sala de ordeño
  - h. Zona de ensilado
  - i. Fosa de xurro
  - j. Etc
7. Descrición do gando
  - a. Tipos e raza/s
  - b. Produción
  - c. Recría
  - d. Etc
8. Alimentación do gando.
9. Maquinaria
  - a. Número
  - b. Tipo
  - c. Etc
10. Apeiros
  - a. Número
  - b. Tipo
  - c. Etc



11. Sala de ordeño
  - a. Tipo
  - b. Nº de postos
  - c. Descrición do proceso
12. Seguridade e hixiene
  - a. Nos arredores da explotación
  - b. Nas edificacións
  - c. Nas parcelas
  - d. Na sala de ordeño
  - e. Riscos profesionais
  - f. Etc
13. Se a explotación é de vacún de leite:
  - a. Tipo de raza/s
  - b. Racións do gando
  - c. Kg de concentrado/kg de leite
  - d. Kg de leite vaca/ano
  - e. Bacterioloxía
  - f. Células somáticas
  - g. Número de inseminacións
  - h. Patoloxías máis común
14. Se a explotación é de vacún de carne:
  - a. Tipo de raza/s
  - b. Tipo de racións
  - c. Índice de conversión
  - d. Idade de sacrificio
  - e. Kg en sacrificio
  - f. Rendemento da canle
  - g. Sistema de reprodución
  - h. Complicacións no parto
  - i. Patoloxías máis comúns
15. Conclusións e reflexión final.

## Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación.

A comunicación realizarase a través da aplicación cisco webex 2 veces por semana como mínimo, en horario conxunto para os alumnos que opten por este formato de FCT, de 12:00 a 13:00 horas martes e xoves.

Tamén serán mecanismos de comunicación para o envío de tarefas o correo electrónico e a aula virtual (para isto habilitarase unha parte da que xa se estaba a utilizar)



## Prazo e formato de entrega das actividades

O seu formato será PDF, contara cunha portada cos datos básicos (título, nome do alumno, ciclo que estuda e ano en curso ), terá encabezado e pe de páxina, estará paxinado co formato paxina xx de xx, e contará cun un índice e conclusión. Redactado en tipo de letra ARIAL tamaño 12, espaciado 1,5 e con texto xustificado.

O prazo de entrega será antes do vindeiro día 10 de xuño as 00:00 horas

Será preciso entregar o documento resultante a través do enlace da aula virtual habilitado para tal fin

## Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva(en azul) e criterios de cualificación

CA -1 -Identificar o tipo de xerencia (administrativamente)

CA -2 -Describir a actividade produtiva da explotación

CA -3 -Identificar o tipo de explotación

CA -4 -Clasificar os terreos de cultivo da explotación

CA -5 -Recoñecer os distintos tipos de gando (por idades) na explotación

CA -6 -Realizouse un croque da explotación

CA -7 -Clasificación das edificacións da explotación

CA -8 -Identificación das partes e tipo de sala de ordeño

CA -9 -Describir os distintos tipos de alimentación do gando da explotación gandeira

CA -10 -Identificación e descrición da maquinaria

CA -11 -Identificación e descrición dos apeiros de uso na explotación

CA -12 -Describir os distintos tipos e materiais en canto a seguridade e hixiene na explotación

CA -13 -Descrición e identificación dos animais da explotación os niveis que aparecen no guión.

CA -14 –Realización e entrega do traballo por escrito en tempo

CA -15 –Realización e entrega do traballo por escrito na forma descrita neste documento.